



## **O fiscal superior de Galicia entrega á presidenta do Parlamento a Memoria de 2011 da Fiscalía**

**Santiago, 23 de xullo de 2012.-** O fiscal superior de Galicia, Carlos Varela García, entregou este mediodía á presidenta do Parlamento, Pilar Rojo Noguera, a Memoria Anual dese órgano correspondente ao exercicio de 2011.

Coa entrega da Memoria Anual de 2011 da Fiscalía da Comunidade Autónoma de Galicia dase cumprimento ao mandato do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal. O trámite de hoxe terá continuidade cunha comparecencia do fiscal xeral de Galicia na Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, do Parlamento de Galicia.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia